



MODELO SILVÍCOLA	PM1
ESPECIE PRINCIPAL:	<i>Pseudotsuga menziesii</i> Mirb. Franco, aplicable a formacións mixtas con frondosas autóctonas e a coníferas de similar temperamento.
OBXECTIVO:	Madeira para serra e chapa. 200 pés/ha de calidade en corta final.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Todos os distritos forestais.	

REXENERACIÓN	
Marco e densidade de plantación	3 a 3,5 m (entre liñas). Densidades entre 1.100 e 1.600 pés/ha, segundo pendente e obxectivo da reforestación. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	Reposición de marras e roza total no primeiro ano. Mantemento mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas. Rozas restrinxidas á etapa previa a tanxencia de copa, polo bo control de mato derivado da alta densidade de copa. Dificultade de compatibilizar con pastoreo baixo arborado. Necesaria utilización de aboado (N,P,K) baixo en nitróxeno de liberación gradual, e sempre consonte a lexislación.

TRATAMENTOS SILVÍCOLAS	
Podas	Unha primeira poda baixa (2,5-3 m) cando as árbores acaden 6-8 m de altura e o diámetro normal 10 cm. Pódanse todas as árbores presentes. Realce previo opcional a 1 m de altura aos 3 a 5 anos. Unha segunda poda alta ata 5,5-6 m cando as árbores alcanzan uns 12 m de altura e dn de 18 cm, tan só as 300 mellores árbores. Intensidade de poda até un 1/2 da altura total da árbore. Terceira poda opcional chegando aos 8 m se é economicamente viable. Repaso se procede de brotes epicórmicos tras poda.
Desmestas	Farase aos 10-15 anos en densidades superiores a 1.500 pés/ha, eliminando un 20-40% dos pés existentes, para unha densidade final de 900-1.200 pés/ha. Tratamento de restos de desmestas/podas por trituración, espaxado ou retirada para aproveitamento, segundo lexislación vixente, no 50% das entreliñas.
Rareas	Primeira rarea ata deixar uns 700-800 pés/ha (18-22 anos). Recomendable aplicación semisistemática e con selección de árbores de porvir, que se seleccionarán en número de 250 pés/ha. Moderar o peso en rareas tardías con altura media dos pés > 15-20 m (15-20%), co fin de evitar danos por vento polo elevado índice de esveltez da masa. Segunda rarea ata deixar uns 450-500 pés/ha (25-30 anos). Terceira rarea, deixando uns 300 pés/ha (35-40 anos). Cuarta rarea opcional para deixar 200 pés/ha (45-50 anos). Cando menos deixar entre 5-10 anos para realizar a corta de rexeneración (dependendo da calidade de estación).





CORTA FINAL DE REXENERACIÓN	
Idade de corta	60-80 anos. Priorizar quendas longas para manter modelos de combustible de frouma baixo arborado como estratexia preventiva de incendios
Métodos de corta	Corta a feito, ou a feito en dous tempos (con árbores pai, 25-50 pés/ha seleccionados previamente entre os de maior estabilidade, que se reservan durante 5-10 anos). Tratamento de restos de acordo coa normativa vixente.

